

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta da sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
18 de xaneiro de 2017**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Susana Rodríguez Barcia

Enlace de igualdadeMaría del Carmen Cabeza
Pereiro**Membros da CC****PDI**

Inmaculada Báez Montero
Carmen Becerra Suárez
Xosé Henrique Costas
Jorge Figueroa Dorrego
Francisco José Ledo Lemos
Ana Luna Alonso
Xoán Montero Domínguez
José Montero Reguera
Ana María Pereira Rodríguez
Eduardo Varela Bravo
Nuria Yáñez Bouza

Sector PAS

Alberto Pérez Pereira

Desculpan

Miguel Cuevas Alonso
Lourdes Lorenzo García
Antonio Rifón Sánchez
Elena Sánchez Trigo

Non asisten

Julián Rial Lago (sector
alumnado)
Cristina López Pais (sector
alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 18 de xaneiro de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 12:07h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 15 de decembro de 2016.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe da vicedecana de calidade e do decano.

-A vicedecana informa sobre o calendario interno para o programa de seguimento que teñen que realizar todos os títulos da FFT excepto o Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional posto que este ano renova a acreditación. Establécese o 13 de febreiro como límite para subir as 30 evidencias e os 15 indicadores á plataforma AVALÍA e indícase que a Xunta de Facultade na que se aprobarán os plans de mellora dos títulos e o autoinforme de acreditación do mestrado terá lugar posiblemente na semana do 20 de febreiro ou antes.

-A vicedecana de calidade recorda que o prazo para programar as enquisas de avaliación docente remata o 20 de febreiro.

-Infórmase de que a visita da comisión avaliadora da ACSUG para a renovación da acreditación do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional terá lugar o 15 de maio.

-Finalmente, o decano informa sobre a posta en marcha da adaptación do Regulamento de TFM da Universidade de Vigo á FFT. Neste sentido, Ana Pereira pregunta sobre a pertinencia de formar unha comisión de mestrado coas coordinacións. Este punto e/ou a proposta de borrador de regulamento de TFM levarase á próxima comisión de calidade.

-Carmen Becerra pregunta no informe se se consultou coa Área de Calidade o feito de que este ano o seu alumnado do programa de maiores de 55 non tivo dereito a cubrir a enquisa de avaliación docente. (Unha vez preguntado sobre o tema ao final da reunión, Eduardo Carrera, o técnico de calidade, respondeu que debe tratarse dun erro porque este alumnado si ten dereito a responder á EAD).

3. Reflexión e toma de decisión sobre a posible reforma do procedemento de avaliación do TFG e, de considerarse oportuno, sobre a “Reforma do Regulamento do TFG” da FFT.

O profesorado, en xeral, comenta que o tema parecía terse comentado dabondo na comisión de calidade do 15 de decembro. Jorge Figueroa Dorrego insiste que a el resúltalle útil ter acceso ao informe do titor ou titora do TFG. Tamén apoia esta postura a profesora Inmaculada Báez. O decano aproveita para expor novamente a situación. Carmen Becerra sinala que os tribunais actúan ás veces coma se se tratara de teses de doutoramento en lugar de TFG. Ana Pereira destaca que o regulamento recolle con claridade os tempos de intervención e a extensión do TFG. O decano comenta que un dos problemas radica en que o profesorado tamén sinte que é xulgado no TFG como persoa que titoriza o traballo. Eduardo Varela comenta que non cre que mereza a pena cambiar o regulamento porque en lugar de solucionar problemas pode xerar máis conflitos. O conxunto da comisión manifesta unha sensación xeneralizada de manter o procedemento e o regulamento do TFG como está na actualidade. Iso si, iniciáranse accións de mellora no que se refire a concienciar ao profesorado (tanto titores/as como membros das comisións avaliadoras) da natureza e características do TFG. Polo tanto, conclúese que o realmente necesario é un labor pedagóxico con respecto ao alcance do TFG.

4. Aprobación, se procede, do Informe de cumprimento de obxectivos do Plan de Viabilidade do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios”.

Apróbase por asentimento.

5. Rolda aberta de intervencións.

Carmen Becerra pregunta pola redución na oferta de prazas no programa de especialización do alumnado de máis de 55 anos. Insiste na importancia deste alumnado, que é moi numeroso en graos nos que o número de matriculados/as é deficiente. Conclúese que é preciso incentivar ao profesorado para que oferte prazas. A vicedecana de calidade propón incluso que exista un número mínimo de prazas ofrecidas para o programa de maiores en todas as materias dos dous primeiros cursos dos graos impartidos na FFT. O decano plantexa tamén a relación da baixa oferta de prazas de alumnado do programa de maiores co baixo nivel de lingua do alumnado do programa Erasmus, que crea en ocasións dificultades na docencia.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:45 h.

Inclúese como Anexo o Informe aprobado.

Vigo, 18 de xaneiro de 2017

Visto e prace do Decano



Luis Alonso Bacigalupe

A secretaria (Vicedecana de
Calidade)



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día 15 de febreiro de 2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución



Susana Rodríguez Barcia

Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Informe de cumprimento de obxectivos do Plan de Viabilidade

2017

APROBACIÓN

Xunta de Centro

Data e sinatura

30/01/2017



Resumo de antecedentes e accións de mellora en relación co informe de avaliación da ACSUG

Con data de 3 de xuño de 2015, a ACSUG concedeu unha resolución favorable ao “Plan de viabilidade de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios”, como así indica o “Informe de avaliación do Plan de viabilidade” realizado por este organismo.

No informe de avaliación do plan de viabilidade deste grao indícanse os puntos fortes da titulación: “Este Grao está implantado dende o curso 2014-15. A modificación do título anterior (Grao en Estudos de Galego e Español) neste novo grao permite resolver, teoricamente, algúns dos déficits do grao que desaparece. Preséntase como unha proposta innovadora con respecto á anterior titulación, cunha estrutura nova a partir dos cursos 3º e 4º baseándose na oferta de módulos que conducen a mencións no título. Estase a desenvolver unha campaña de difusión coherente”.

Por outra banda, entre as áreas para a mellora destacan:

1. “Deberíase estudar a posibilidade de configurar un grao interuniversitario cos graos ‘similares’ da Universidade da Coruña e Vigo”.
2. “Recoméndase potenciar os contactos e vinculación con entidades privadas, como xeito de fomentar a empregabilidade”.
3. “Débese insistir nas medidas concretas de captación de alumnos”.
4. “Dado que se trata dunha titulación nova, débese poñer énfase en mellorar a súa integración en redes internacionais de calidade”.

Antes de abordar cada un dos puntos referidos hai que sinalar que parte das recomendacións van encamiñadas directa ou indirectamente á captación de alumnado. Nese sentido, destaca o enorme labor de difusión do grao que se está a levar a cabo dende a dirección da Facultade de Filoloxía e Tradución a través das diferentes canles que se recollen neste informe. Ademais, este grao posúe un carácter singular dentro do SUG, pola súa condición estratéxica en canto a que forma, entre outras especializacións, en lingua e literatura castelá, galega e portuguesa, polo que proporciona saídas profesionais desenvolvidas no marco galego e en entornos próximos. É dicir, a análise da viabilidade do grao ha de facerse non só en termos cuantitativos en canto ao número de persoas matriculadas, senón en termos cualitativos como peza clave no entorno do SUG e na comunidade galega pola posibilidade de obter mencións especializadas con alto nivel de empregabilidade tanto en Galicia como fóra da comunidade galega.

Con respecto ao primeiro punto, dende o decanato da FFT considerouse oportuno explorar o carácter interuniversitario máis aló dos graos semellantes actualmente

impartidos nas universidades galegas e ter en conta, por motivos de proximidade e internacionalización, as universidades do norte de Portugal, coas que xa se iniciaron contactos encamiñados a formalizar unha relación fructífera para ambas partes.

O equipo decanal do centro onde se imparte o grao, a Facultade de Filoloxía e Tradución, tomou medidas orientadas aos puntos 3 e 4 que se describen de seguido.

1. Iniciativa de internacionalización da FFT

No mes de outubro de 2016 formouse unha Comisión de Internacionalización do grao integrada por Maribel del Pozo Triviño, Jorge Figueroa Dorrego (como Vicedecana e Vicedecano de Relacións Internacionais), os docentes Burghard Baltrusch, Fernando Ramallo, e Antonio Rifón Sánchez e Francisco Ledo Lemos como coordinadores actuais do grao. A participación do profesor Burghard Baltrusch na comisión xustifícase por ser especialista en lingua e culturas portuguesas e promotor principal cara á introducción de estudos de portugués no grao, ademais de estar en disposición de contactos con universidades portuguesas coas que potencialmente podería formalizarse o vínculo internacional. A presenza do docente Fernando Ramallo explícase pola súa experiencia na semipresencialidade, un dos puntos máis relevantes do grao, xa que ten traballado en desenvolvemento de contidos dixitais, moocs, e outras ferramentas para o proceso de ensino-aprendizaxe telemático.

2. Formación do profesorado: curso de creación de contidos dixitais

Neste sentido, cabe sinalar a realización dun curso de ‘Creación de contidos dixitais’ organizado pola Universidade de Vigo co fin de ofrecer formación aos docentes nesta liña. O curso enmárcase nas actividades do Campus Dixital do Mar do que é responsable o profesor Domingo Docampo e participaron nel 20 docentes da FFT, o que pon de manifesto o alto nivel de implicación do profesorado con docencia no grao na actualidade e no futuro.

3. Contactos con Portugal

Con respecto aos contactos establecidos con universidades portuguesas, houbo un primeiro achegamento coa Universidade do Porto, en concreto coa Facultade de Letras (FLUP) (https://sigarra.up.pt/flup/pt/web_page.inicial), mais a proposta non foi aceptada por ter os seus títulos recentemente acreditados e por tanto non poder sometelos a reforma.

Nunha segunda acción, estableceuse contacto coa Universidade do Minho (<https://www.uminho.pt/PT>); e a Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro, UTAD (<http://www.utad.pt/vPT/Paginas/HomepageUtad.aspx>), que xa respondeu positivamente a esta iniciativa. Nestes momentos estamos negociando as datas para concretar os pormenores do convenio que deberemos subscribir preferentemente antes do final deste curso.

Non obstante, dende o equipo decanal estanse a iniciar novos contactos con outras universidades do norte de Portugal, como a Universidade São Francisco, USF (<http://www.usf.edu.br/>) de Bragança.

4. Empregabilidade: prácticas en empresas

En relación co punto 2 do informe da ACSUG, iniciouse unha reflexión sobre a posibilidade de abrir un sistema de prácticas en empresas para mellorar a empregabilidade do estudiantado. Se embargo, isto implica a reforma da memoria dun título que aínda non está implantado na súa totalidade. Por este motivo, a implementación dun sistema de prácticas no cuarto curso do grao non é posible a curto prazo, pero si é unha opción realizable a medio prazo sobre todo tendo en conta os beneficios observados no Grao en Tradución e Interpretación impartido na FFT que si conta cun sistema de prácticas.

Este “Informe de avaliación do Plan de Viabilidade para o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios” artéllase a partir de 19 ítems fundamentais que están desenvolvidos nas seguintes páxinas. Resulta relevante, non obstante, resumir os principais puntos que son indicativos do correcto proceso de implantación do grao. En concreto, por un lado cabe sinalar o mantemento dos datos de matrícula, que aínda que non son os esperados indican estabilidade no interese pola titulación. Na actualidade, segundo os datos dispoñibles¹, o total de estudantes que curso o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios ascende a 72. Sen embargo, estes datos non inclúen ao alumnado que se matricula a través dos programas de mobilidade e ao alumnado do programa de maiores de 55 anos, moi numeroso en algúns cursos. Por outra banda, destaca a continua incorporación docente debida á implantación do 3º curso do grao. A Planificación Docente Anual (PDA) do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, que foi aprobada pola Xunta de Facultade o día 16 de marzo de 2016, incluía xa o acordo deste órgano colexiado no relativo aos módulos especializados que se ían implantar o curso 2016-17 (lingua española, lingua galega, literatura española, literatura galega, estudos lusófonos, escrita creativa e ensino de segundas linguas).

En relación cos novos equipamentos e infraestruturas do centro, na actualidade estase equipando un novo laboratorio de fonética na FFT (no edificio Newton, pavillón C). O

¹ <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/informe/show/5/51/61>

novo laboratorio, que en principio está deseñado para optimizar labores de investigación, reforza ao mesmo tempo a infraestrutura da facultade precisa para a formación en materia de fonética. Este laboratorio pasa a ocupar o que eran as instalacións do vicedecanato de calidade do centro, que na actualidade reubicouse no edificio central. Deste xeito, mellórase a conexión entre os diferentes vicedecanatos, co que se axilizan os procedementos de consulta, reunión e requerimentos de información por parte da dirección do centro. Estas medidas contribúen, polo tanto, á mellora na xestión das problemáticas de todos os títulos, o que por extensión incide na optimización da xestión do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Por outra parte, tamén en canto ao equipamento do centro, hai que destacar que as aulas B5 e A5 da FFT adaptáronse para a docencia semipresencial, posto que permiten que os docentes do grao graben as súas clases para poñer a disposición do alumnado matriculado nesta modalidade.

Como se indica no Informe de Revisión pola Dirección para o curso 2015-2016, as taxas dispoñibles para o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (admisión, acceso, rendemento e abandono) están en consonancia coas do resto de titulacións impartidas na FFT. Cómpre subliñar que este título acadou niveis de satisfacción iguais ou superiores a outros graos impartidos na FFT o que permite ser optimistas cara a súa viabilidade.

Finalmente, en canto á mobilidade de estudantado, as cifras amosan unha mellora neste sentido. O alumnado estranxeiro que recibiu o centro durante o curso 2015-2016 foi de 190 persoas (en 2014-15 recibiu 176). Boa parte deste alumnado estranxeiro cursa materias do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios debido ao seu interese nas linguas galega e española. Con todo, a participación do alumnado propio do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios en programas de mobilidade debe incentivarse a partir do curso 2016-17.

Todos os aspectos mencionados analízanse polo miúdo ao longo do informe a partir dos 19 indicadores de referencia para a viabilidade do título.

En Vigo, a 10 de xaneiro de 2017

Revisión dos requisitos de referencia do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios presentados no plan de viabilidade

(valoración sobre os 19 indicadores)

1. Medidas de revisión da titulación na que se produzan cambios significativos na demanda por parte da sociedade, do estudantado e do entorno económico e profesional

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) recolle as medidas de revisión e seguimento das titulacións, polo que dende a súa implantación no curso 2014/2015 realizáronse os procedementos oportunos para o seguimento do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. En concreto, existe un procedemento regulado para o seguimento anual da implantación e desenvolvemento do grao do que se derivan propostas de mellora recollidas no “Plan de melloras” centralizado na área de calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución. Asimesmo, tamén se dispón do Informe de revisión pola dirección ou Informe de resultados anual do centro no que se fai unha reflexión conxunta dos resultados acadados en todas as titulacións impartidas na FFT, entre as que se inclúe o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) supervisa e avalía este proceso de seguimento, e emite informes que permiten a mellora continua.

O Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios implantouse o curso 2014/2015. Nos informes de seguimento realizados ata a actualidade, os coordinadores do título (que ata o momento foron Fernando Ramallo, Rexina Rodríguez Vega, Francisco Ledo Lemos e Antonio Rifón) detectaron, en xeral, un nivel de satisfacción importante con respecto á novidade que supón o grao no sistema universitario galego. Por outro lado, nos autoinformes realizados dende a coordinación do grao tamén se insiste na necesidade de reforzar a captación de alumnado, na que se continúa a traballar. Todas as reflexións sobre o grao recollidas ao longo do proceso de seguimento materialízanse posteriormente no plan de melloras do centro, que está centralizado para todos os títulos impartidos. A análise do plan de melloras incorpórase no Informe de revisión pola dirección ou Informe de resultados anual.

Os obxectivos xerais e específicos definidos na memoria de verificación da titulación estaban orientados a cubrir as demandas da sociedade, do estudantado e do

entorno económico e profesional, e nese sentido consideráronse axeitados para dar viabilidade á titulación. Na actualidade aínda non existe unha primeira promoción de egresados e egresadas no Grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, polo que non é posible realizar valoración algunha sobre a súa inserción laboral, pero si é necesario destacar que están a recibir formación especializada que os capacita para ocupar postos de relevancia no actual tecido económico e profesional. Xustamente esta é unha das vantaxes do novo grao, traspasar as limitacións da formación puramente teórica e abordar a especialización e a profesionalización dos estudos de galego, español e portugués. No curso 2016/2017 implantouse o terceiro curso do grao, e con el os módulos de especialización definidos na memoria e aprobados pola Xunta de Facultade en marzo de 2016: lingua española, lingua galega, literatura española, literatura galega, estudos lusófonos, escrita creativa e ensino de segundas linguas.


Finalmente, cabe sinalar que outra das medidas de revisión das que dispón o grao para coñecer as expectativas e demandas do alumnado que o cursa é o Plan de Acción Titorial (PAT). Nos informes realizados polas titoras e titores do PAT no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios recóllese, en xeral, unha opinión moi favorable por parte do alumnado con respecto ao cumprimento das súas expectativas. Nalgún curso, detectouse por parte do estudantado de modalidade semipresencial o desexo de mellora na xestión das titorías e impartición da docencia con carácter semipresencial. No curso actual esta demanda parece estar satisfeita, polo que se entende que as accións de mellora emprendidas neste sentido foron eficaces.

2. Previsión da demanda de matrícula como media do número de matriculados de novo ingreso igual ou superior a 50/45 alumnos segundo os campus (art. 6, Decreto 222/2011)

No curso 2014/2015 a matrícula de primeiro curso de novo acceso foi de 34 persoas (25 presenciais e 9 semipresenciais), no 2015-16 a matrícula foi de 28 persoas (20 presenciais e 8 semipresenciais) e no curso 2016-17 foi de 31 persoas (25 con carácter presencial e 6 coa modalidade semipresencial). Nestes datos, que poden consultarse no “Portal de transparencia da Universidade de Vigo” e na secretaría do centro, non se contemplan as matrículas de alumnado alleo participante en programas de mobilidade nin a do estudantado do programa de maiores de 55 anos, que no caso da FFT adoitan ser numerosas.

Nesta gráfica resúmese a progresión da matrícula nos tres cursos implantados:

Gráfico 1: Alumnado de novo acceso por curso académico



3. Medidas de promoción do grao e captación de alumnado

A Facultade de Filoloxía e Tradución participou e participa activamente en todas as iniciativas de promoción dos graos nas que está implicada a Universidade, entre as que cabe destacar a recepción de visitas de centros de secundaria (visitas de 45 minutos nas que se presentan os estudos de grao e se percorren as instalacións da Facultade), as visitas do decano, vicedecanos e vicedecanas, coordinadores e coordinadoras de graos e persoas comisionadas aos centros de secundaria, así como a participación en diferentes xornadas e feiras nas que se promocionan os títulos impartidos na Universidade de Vigo, como por exemplo EDUGAL, celebrada en Pontevedra, e a Feira de titulacións de Fene. A próxima participación terá lugar o 26 de xaneiro de 2017 na Mostra de titulacións, organizada polo SIOPE, que se celebrará no Campus de Vigo e para a cal a FFT foi seleccionada como o centro onde se celebrarán as diferentes mesas redondas desta mostra así como varias actividades relacionadas con esta.

Os cursos 2015/2016 e 2016/2017 o centro levou a cabo unha importante actividade de captación a través de distintas canles: visitas a centros de secundaria, recepción de alumnado e presentacións dos títulos na propia FFT, presenza en medios de comunicación, publicación de folletos informativos, creación e mantemento do perfil en redes sociais e a renovación do sitio web da FFT. O centro e as súas titulacións acadaron unha maior visibilidade entre a sociedade galega grazas tamén á organización de diversas actividades culturais, que incluíron exposicións coma *Miguel de Cervantes, IV Centenario (1616-2016)*, *O Principiño ao Redor do Mundo*, *Intérpretes na Primeira Guerra Mundial* ou as *Primeiras Jornadas José Saramago en Vigo*. A FFT tamén foi elixida para unha sesión das Conversas Nortear organizadas pola Conselleira de Cultura da Xunta de Galicia que xuntan a escritoras e escritores de ambos lados da fronteira para promover as relacións culturais entre os pobos galego e portugués.

Ademais, a FFT estivo presente nos medios de comunicación galegos a través do seu equipo directivo en diversas entrevistas e programas radiofónicos e en prensa.

No Anexo 1 recóllese a Táboa 1 que inclúe as actividades de promoción dos graos canalizadas a través de visitas a centros ou visitas de centros de secundaria á FFT realizadas durante o ano 2016.3. Evidencia dunha capacidade docente e investigadora (en termos de persoal docente estable)

O “Plan de viabilidade” do grao xa indicaba que o Grao en Ciencias da linguaxe e estudos literarios conta con profesorado especialista en linguas, lingüística, literatura, teoría da literatura, historia, latín e filosofía, altamente cualificado, procedente de diferentes áreas de coñecemento da Universidade de Vigo. Concretamente, as áreas de coñecemento vinculadas ao título eran e siguen sendo: Filoloxía Galega e Portuguesa, Lingua Española, Lingüística Xeral, Teoría da Literatura, Historia Contemporánea e Filosofía.

Proporcionáanse na Táboa 2 deste informe os datos referidos ao profesorado do grao no curso 2015/2016 co fin de non reiterar a información do plan de viabilidade.

Táboa 2: Información sobre o profesorado do GCLEL (curso 2015-16)

Profesorado por categoría curso 2015-16	-Titular : 17 -Contratado/ doutor/a: 3 -Catedrático/a: 3 -Visitante: 1 -Lector/a idioma extranxeiro: 1 -Contratados/as pedoutorais Xunta: 3
Profesorado en programas de formación	1
Sexenios por PDI	34

Como se desprende da táboa anterior, o número de profesorado con vinculación permanente é moi elevado e o número de sexenios tamén resulta indicativo da notable capacidade investigadora dos docentes do grao.

En canto á avaliación da actividade docente, no curso 2015-16 implantouse o programa Docentia.

4. Exposición de medios materiais axeitados

No informe de viabilidade do grao xa se daba conta dos recursos materiais da Facultade de Filoloxía e Tradución en termos de equipamento e infraestruturas. Non repetimos neste informe a relación de espazos e equipamentos, pero si é preciso salientar algunhas accións de mellora e adaptación feitas no centro para o óptimo desenvolvemento dos graos impartidos nas súas instalacións.

En concreto, destaca por un lado a reforma xeral da FFT en canto á actualización e mantemento xeral de infraestruturas. Como se advertiu ao inicio deste informe, a conversión do antigo despacho do vicedecanato de calidade do centro nun laboratorio de fonética tamén incide na optimización de espazos e servizos, xa que por un lado fornece ao centro dun novo recurso para o estudo e a investigación nese ámbito e, por outro, achega aos distintos membros do equipo de dirección nun espazo único, co que se mellora a eficiencia na xestión do centro.

Hai que destacar que as instalacións existentes adaptáronse ao desenvolvemento do novo grao tamén na opción da docencia semipresencial. As aulas A5 e B5, que eran dúas das aulas de mediana-gran capacidade, dotadas de canóns de vídeo, e sistema de son, adaptáronse na actualidade para permitir a grabación das clases para aqueles docentes que preferisen a grabación das súas sesións en lugar da grabación de pílulas ou doutros recursos de teledocencia. Tamén destacan as aulas de videoconferencia C11 e B6B, que permiten tamén a impartición de docencia a distancia. Isto permite un desenvolvemento óptimo das modalidades presencial e semipresencial do título, e xustamente incide na mellora dun dos atractivos e singularidades da titulación.

5. Taxas curso 2015-16:

No Informe de Revisión pola Dirección referido ao curso 2015-16 faise xa análise das taxas do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Estas taxas recóllense na Táboa 3:

Táboa 3: Información sobre as taxas do GCLEL (curso 2015-16)

Taxas	Total
Taxa de rendemento	69%
Taxa de eficiencia	Sen datos
Taxa de abandono	Sen datos
Taxa de graduación	Sen datos
Taxa de éxito	85%
Taxa de avaliación	81%
Nota media de acceso	6,9
Nota mínima de acceso	5,020
Ocupación	54%
Preferencia	54%
Adecuación	85,19%
Matrículas de novo ingreso por preinscripción	27
Alumnado que participa en programas de mobilidade nacionais	0 ²
Alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais	0 ³
Alumnado estranxeiro	190 (datos dispoñibles só por centro)

Posto que o grao aínda non se implantou completamente, non se dispón de datos sobre a eficiencia, abandono ou graduación, xa que de momento non existe ningunha promoción egresada. En canto á taxa de rendemento, aínda que é a máis baixa dos títulos impartidos na FFT (69 %), si se observa unha lixeira mellora se a comparamos coa taxa do curso anterior (2014/2015), que era do 67,69%.

² O alumnado adoita participar nestes programas a partir do terceiro curso, polo que hai que esperar a coñecer as taxas dos cursos 2016-17 e 2017-18.

³ O alumnado adoita participar nestes programas a partir do terceiro curso, polo que aínda non se dispón de datos, polo que hai que esperar a coñecer as taxas dos cursos 2016-17 e 2017-18.

6. Ten carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG

O carácter estratéxico e esencial do grao no entorno galego determínase, entre outros aspectos, por ter a lingua e a literatura galegas como eixes centrais. Asimesmo, a recente incorporación do portugués como lingua optativa para o alumnado de ensino medio xenerou unha importante demanda de profesorado de lingua portuguesa, o que incide de novo no carácter estratéxico desta titulación. Nese sentido, este grao ten carácter singular no SUG, polo que a lectura en termos de viabilidade non debe limitarse só aos aspectos cuantitativos en canto a alcanzar o número de matriculados inicialmente plantexados, senón que debe ter en conta os aspectos cualitativos referidos ao coidado, protección e difusión da lingua galega e o seu potencial na formación de docentes de lingua e literatura galega e portuguesa no ensino secundario. Tamén debe subliñarse a importancia dos estudos de español na empregabilidade do estudiantado egresado como profesorado de español no estranxeiro. Por outro lado, tamén o espírito de internacionalización, imprescindible no contexto da universidade contemporánea, consolida o carácter estratéxico do grao na medida en que a universidade actual ten na internacionalización unha das claves do progreso do coñecemento. Por outra banda, a modalidade semipresencial supón unha novidade nos graos impartidos dentro do SUG, polo que si implica unha fortaleza na oferta formativa de Galicia. Finalmente, a diversificación e especialización acadadas cos itinerarios desenvolvidos capacita ao alumnado egresado para a incorporación no escenario profesional actual ao mesmo tempo que permite emprender estudos de posgrao cunha base forte para abordar a investigación científica.

7. Xustificación de adaptación á estrutura económica da Comunidade Autónoma, ás necesidades do seu mercado laboral actual, á existencia dunha demanda real por parte da sociedade e do estudiantado.

No Informe de viabilidade do grao xa se detallaban as distintas posibilidades de emprego ao que era posible acceder coa formación recibida no GCLEL. Posto que non se dispón dunha primeira promoción de egresados e egresadas non podemos proporcionar información sobre a empregabilidade real e, polo tanto, non é posible valorar o cumprimento desde indicador do plan de viabilidade.

8. Ten un deseño curricular que favorece a empregabilidade

Un dos aspectos polo que este grao singularízase no SUG é pola súa capacidade para formar recursos humanos especializados en cubrir as necesidades da formación non

universitaria no contexto galego, e nese sentido resulta central polas mencións filolóxicas que permite a súa empregabilidade no ensino secundario.

Como xa se advertiu no Informe de viabilidade, a formación común, básica e obrigatoria, nos dous primeiros anos garante unha formación lingüística e literaria para todo o alumnado e, tanto as mencións filolóxicas coma as orientadas ás tecnoloxías, á escrita creativa ou ao ensino de segundas linguas apuntan a sectores de emprego público e privado.

9. Evita a especialidade temperá e excesiva

Ata o momento (curso 2016-17) implantáronse correctamente os tres primeiros cursos do grao. Os dous primeiros cursos son de formación básica, polo que favorecen unha sólida formación inicial de carácter obrigatorio. A Xunta de Facultade aprobou o 16 de marzo de 2016 a posta en marcha de 7 módulos, que se cursan a partir de terceiro, polo que o alumnado xa dispón dunha base común de contidos xerais antes de iniciar a especialización nos diferentes módulos conducentes ás mencións.

10. Facilita a mobilidade do estudantado entre as diversas opcións, mellorando a eficiencia no uso dos recursos

A Facultade de Filoloxía e Tradución é o centro que atrae ao maior número de alumnado estranxeiro dentro da Universidade de Vigo. En concreto, o curso 2014-15 o centro acolleu a 176 estudantes estranxeiros e o curso 2015-16 recibiu a 190 estudantes a través dos programas de mobilidade. Non obstante, en canto á mobilidade do alumnado propio hai que mellorar a situación actual e incentivar a participación en programas de mobilidade, xa que tanto no curso 2014-15 coma no curso 2015-16 non houbo participación do alumnado de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, fronte aos 85 alumnos e alumnas que participaron no Grao en Tradución e Interpretación e os 25 no Grao e Linguas Estranxeiras durante o curso 2015-16. Os datos completos poden consultarse a través do enlace:

<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/informe/show/5/4/19>

Con todo, xa se sinala no informe de viabilidade que o idóneo é que a participación do alumnado en programas de mobilidade teña lugar durante o cuarto curso de grao, aínda por implantar, polo que os datos verdadeiramente relevantes para coñecer o cumprimento deste indicador serán os do curso 2017-18. O que si garante a FFT é a posibilidade de que aquel alumnado que desexe realizar estudos no estranxeiro poida participar en todos os programas ao seu alcance, tanto en Europa co programa Erasmus, como fóra da comunidade europea: Australia (University of Western Sydney), Estados Unidos (South Dakota, New México, Wisconsin-Milwaukee), Brasil (Sorocaba) e en Francia (Bretagne - Sud). O convenio ISEP que se mantén coas Universidades de Estados Unidos permite tamén o estudo nunha trintena de centros

universitarios deste país. A oferta está á disposición do estudantado, e o esperable é que a participación se incremente nos dous últimos cursos do grao. En calquera caso, recomendarase aos coordinadores do título que incentiven a mobilidade como unha das claves da internacionalización dos estudos e como forma de conseguir unha formación máis completa.

11. Favorece a retención de talento no entorno socioeconómico galego

O desexable é que o alumnado que se forme no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios poida realizar un desempeño profesional satisfactorio e, no caso de que amosen interese e aptitudes para a investigación, que se reteña a ese alumnado nos mestrados e programas de doutoramento desenvolvidos no centro. Ata o momento non é posible valorar este indicador debido ao feito de non dispor dunha primeira promoción de egresados e egresadas. Sen embargo, somos razoablemente optimistas ao respecto, xa que a FFT conta cunha oferta ampla de mestrados para este alumnado.

12. Fomento do espírito emprendedor e o autoemprego do estudantado egresado

A Área de Calidade da Universidade de Vigo realiza unha enquisa de satisfacción ás persoas tituladas que permiten coñecer a porcentaxe de titulados e tituladas empregados e a satisfacción xeral cos títulos. Posto que non se dispón dunha primeira promoción do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, os resultados para o curso 2015-16 só están dispoñibles para o resto de títulos ofrecidos no centro. Os resultados, que amosan un alto nivel de empregabilidade en traballos relacionados coa súa titulación para o alumnado de galego e español, foron no conxunto da FFT os que se inclúen nos gráficos seguintes:

Gráfico 2: Porcentaxe de egresados e egresadas que traballan ou traballaron en algo relativo á titulación (2015-16)





Gráfico 3: Valoración global da satisfacción cos títulos por parte do estudiantado egresado (2015-16)



Do Gráfico 3 despréndese que o nivel de satisfacción co Grao en Estudos de Galego e Español é moi notable e, posto que é o grao ao que substiúe o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, resulta un dato relevante en canto ás expectativas respecto deste último polos elementos básicos que ambos comparten.

13. Axústase a cuestións de innovación docente e investigadora

O Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios resulta innovador tanto pola incorporación da modalidade de docencia semipresencial como por a especialización formativa a través dos módulos temáticos ofertados. No plan de viabilidade xa se apuntaba a intención de realizar cursos de formación docente en materia de teledocencia, e en efecto leváronse a cabo tres cursos dirixidos ao profesorado deste grao. O primeiro, en 2014, estivo dirixido a profundizar nas funcionalidades de Fatic, a plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo. O segundo, celebrado en 2015,

estivo dirixido a fornecer ferramentas para a docencia semipresencial. Finalmente, o terceiro, titulado 'Creación de contidos dixitais' foi organizado pola Universidade de Vigo co fin de ofrecer formación aos docentes nesta liña da semipresencialidade. O curso estaba inserido nas actividades do Campus Dixital do Mar do que é responsable o profesor Domingo Docampo.

No referente á investigación, o profesorado deste grao continúa participando en grupos de investigación: "GRADES" (Grupo de Gramática, Discurso e Sociedade); Grupo de Investigación de Lengua Española y Linguas Signadas; Observatorio de Neoloxía Léxica; Seminario de lingüística informática; Estudos sobre o Humor Literario; Grupo de Análise e Estudo da Literatura e da Traductoloxía; Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega TALGA; e-LITE: Ediciones y Estudios de Literatura Española; GAELT; a Cátedra Internacional José Saramago ou Feminario Interdisciplinar 'Teorías Feministas e Teoría Queer'. Estes grupos lideran proxectos financiados polas administracións públicas e inclúen ao alumnado de programas de doutoramento desenvolvidos no centro, polo que se asegura a continuidade investigadora dos egresados e egresadas no título que desexen cursar estudos de posgrao.

14. Acreditación da viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles

A Facultade de Filoloxía e Tradución dispón dos medios necesarios para o ensino presencial e semipresencial do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, como demostra o seu óptimo desenvolvemento nos tres cursos que leva implantado. A Universidade de Vigo tamén proporciona a plataforma de teledocencia Faitic (cos sistemas Moodle e Claroline) que garante o ensino na modalidade semipresencial e, en xeral, que serve de apoio á docencia presencial. Finalmente, o servizo de Uvigo-Tv permitiu virtualizar contidos a través da grabación de pílulas docentes ou da grabación das clases maxistras para que o alumnado semipresencial poida consultar estes materiais no momento en que o desexen e seguir así o ritmo do curso.

15. Acreditación da non coincidencia de obxectivos nin contidos con outros títulos oficiais existentes na mesma universidade, coa finalidade de evitar a multiplicidade de títulos (non coincidencia do 50% dos créditos)

Continúan sen existir na actualidade dentro do Sistema Universitario Galego estudos de grao coincidentes en contidos e obxectivos co Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. O cadro de resumo da oferta do SUG e o comentario das diferenzas no plans de estudo recóllense no indicador 16.

16. Xustificación do encadre da proposta dentro da oferta global galega garantindo o equilibrio nos diferentes campus e potenciando a súa singularidade dentro do Sistema Universitario Galego.

Os datos de matrícula analizados retrospectivamente entre o primeiro curso implantado en 2014/2015 e o curso 2016/2017 segundo a procedencia do alumnado revelan a capacidade do grao para atraer alumnado dende distintos puntos da comunidade galega. Pode destacarse o feito de que esa capacidade de atraer estudantado de diversos puntos de Galicia mantense de forma crecente durante os tres cursos implantados na actualidade. Pode inferirse por iso a singularidade do grao no SUG, posto que o alumnado que procede das provincias de A Coruña, Lugo ou Ourense non dispón de oferta semellante no resto de universidades

Na Táboa 4 resúmese a diferenza fundamental entre os graos que presentan unha oferta semellante no resto do SUG.

Táboa 4. Comparación da oferta actual do SUG

Mantemento da singularidade do GCLEL dentro do SUG (2016)		
Universidade	Estudos de lingua e literaturas (Ámbito de Artes e Humanidades)	Diferenza
Universidade de Vigo	(a) Grao en Linguas Estranxeiras (b) Grao en Tradución e Interpretación (c) Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	Non fornecen formación específica en lingua e literatura española, galega e portuguesa.
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	(a) Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural (b) Filoloxía Clásica (c) Lingua e Literatura Españolas (Lugo) (d) Lingua e Literatura Españolas (Santiago) (e) Lingua e Literatura Galegas (f) Lingua e Literatura inglesas	(a) Este grao si inclúe formación básica en linguas e literaturas (español, galego, inglés e francés), pero non en lingua portuguesa. Asimesmo, afonda en contidos de historia e xestión cultural en maior medida que nos contidos filolóxicos. Tampouco forma en ensino de segundas linguas. (b) Este grao céntrase no estudo da lingua, literatura e cultura grega e latina. (c) Equivale aos estudos de Filoloxía Hispánica. (d) Equivale aos estudos de Filoloxía Hispánica. (e) Equivale aos estudos de Filoloxía Galega. (f) Non proporciona formación nas linguas e literaturas española, galega e portuguesa.

	(g) Linguas e Literaturas Modernas	(g) Ademais da formación lingüística dos módulos obrigatorios e a formación “Maior” en románicas, o grao dispón de módulos complementarios no estudo das linguas seguintes (a escoller): alemán, francés, italiano, portugués e románicas. Nese último grupo inclúense as linguas española e galega. A formación que proporciona non aborda os estudos culturais ou o ensino de segundas linguas nin profundiza na formación filolóxica en español e galego.
Universidade da Coruña	<p>(a) Grao en español</p> <p>(b) Grao en Galego e Portugués</p> <p>(c) Grao en Inglés</p> <p>(d) Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en español: Estudos Lingüísticos e Literarios</p> <p>(e) Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en galego e portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios</p> <p>(f) Programa de simultaneidade do Grao en español: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en galego e portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios</p>	<p>(a) Non forma nas linguas e literaturas galega e portuguesa.</p> <p>(b) Non forma en lingua española.</p> <p>(c) Só presenta formación en lingua, literatura e cultura inglesas (e moi básica en galego e español).</p> <p>(d) Non forma nas linguas e literaturas galega nin portuguesa.</p> <p>(e) Non proporciona formación en lingua e literatura españolas.</p> <p>(f) O estudantado que desexe facerse coa titulación (doble grao) debe cursar 5 anos (fronte aos catro anos do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios). Non presenta especialización en ensino de segundas linguas ou en escrita creativa.</p>

O título proporciona formación básica e obrigatoria nas linguas oficiais de Galicia e nas súas correspondentes literaturas, á parte de contidos en materias fundamentais como lingüística, teoría da literatura, historia ou latín, entre outros. No curso 2016-17 implantouse o terceiro curso do grao, e con el os módulos especializados que

conducen a mencións en aspectos innovadores como o ensino de linguas, escritura creativa, estudos lusófonos, novas tecnoloxías ou estudos culturais. Con as mencións que se obteñen a partir do estudo de especialización nos diferentes módulos espérase que o estudiantado egresado poida inserirse no mundo profesional ou da investigación nas diferentes dimensións do ámbito humanístico.

17. Vinculación coas titulacións de máster e doutoramento existentes

Coa excepción do Mestrado en Teatro e Artes escénicas e do Mestrado en Lingua e Comunicación nos negocios (que non se imparten o curso 2016-17), a oferta continúa a ser a mesma que se indicaba no plan de viabilidade do grao. Na FFT ofrécense actualmente tres programas de mestrado e cinco de doutoramento. Entre eles, os seguintes poden considerarse como continuacións especializadas do Grao en Ciencias da linguaxe e estudos literarios:

-Mestrado en Lingüística aplicada

<http://www.udc.es/filo/mestrados/MILA/>

-Doutoramento en Estudos lingüísticos

<http://doutoramento/eling.uvigo.es>

-Doutoramento en interuniversitario en Estudos literarios.

<http://doutoramentoestudiosliterarios.webs.uvigo.es/>

18. Fomento da utilización das TIC e novas tecnoloxías

O Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios fomenta o coñecemento e utilización de novas tecnoloxías por dous motivos fundamentais. O primeiro é o feito de que a docencia semipresencial esixe un manexo correcto das tecnoloxías dixitais para a docencia virtual tanto por parte de docentes coma de discentes. O segundo é o feito de formar nun módulo de tecnoloxías da linguaxe, que actualmente (curso 2016-17), tras decisión da Xunta de Facultade, non se implantou, pero hai intención de recuperalo en próximos cursos se as circunstancias académicas e/ou económicas o posibilitan.

19. Incardinación en redes internacionais de calidade

A correcta implantación do Sistema de Garantía Interno da Calidade (SGIC) da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo está certificada de acordo ao establecido no programa FIDES- AUDIT, desenvolvido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

ANEXO 1

Táboa 1: Promoción do grao nos centros de secundaria: visitas e recepcións na FFT

INSTITUTO	LUGAR	DATA	Alumnado presente	Docente comisionado
LOS SAUCES	FFT	20/11/2016		José Montero Reguera
COLEGIO S. MIGUEL II	FFT	16/12/2016	70	Luis Alonso Bacigalupe
IES LAURO OLMO	O Barco	19/01/2016		Luis Alonso Bacigalupe
IES DE SABÓN E COLEXIO BOUZA BREY	FFT	26/01/2016	53+20	M ^a Carmen Cabeza Pereiro
IES POLITÉCNICO DE VIGO	FFT	02/02/2016	70	Ana Pereira
IES FENE(II XORNADAS DE ORIENTACIÓN	Fene	02/02/2016		Ana Pereira
IES POLITÉCNICO DE VIGO	FFT	04/02/2016	90	Luis Alonso Bacigalupe
IES PINTOR COLMEIRO	Silleda	11/02/2016		Luis Alonso Bacigalupe
IES DE MOS E CPR SANTA CRISTINA	FFT	11/02/2016	26+11+8 38	María del Carmen Cabeza
IES CHAN DO MONTE E JOHAN CARBALLEIRA	Marín Bueu	16/02/2016	18	Luis Alonso Bacigalupe
EDUGAL 2016	Pazo de Congressos Pontevedra	17-19/02		Jorge Figueroa Dorrego Luis Alonso Bacigalupe Manuel Candelas Maruxa Cabeza
MARÍA AUXILIADORA SALESIANOS	FFT	25/02/2016	60	María del Carmen Cabeza
SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS	Pontevedra	02/03/2016	49	Nuria Yáñez Bouza
AMOR DE DIOS e IES BEADE	FFT	10/03/2016	42 53	Luis Alonso Bacigalupe
IES DE AMES	Ames	14/03/2016	60	Susana Rodríguez Barcia
IES SANTA IRENE	FFT	15/03/2016	70	María del Carmen Cabeza
IES VAL DO TEA		17/03/2016	60	Luis Alonso Bacigalupe
IES AS BARXAS			49	Lourdes Lorenzo
IES PONTECESO	Ponteceso	30/03/2016	39	Luis Alonso Bacigalupe
IES TOMIÑO	FFT	01/04/2016	45	Ana Pereira
IES AS BARXAS	FFT		49	María del Carmen Cabeza
CEMAR MONDARIZ	FFT	15/04/2016	70	Luis Alonso Bacigalupe
IES VAL MIÑOR	FFT	20/04/2016	10+17+16	Luis Alonso Bacigalupe
IES PEDRO FLORIANI (Redondela)	FFT	24/05/2016	15	María del Carmen Cabeza
IES POIO	FFT	08/06/2016		Jorge Figueroa Dorrego